

90 anos da Residencia de Estudiantes de Compostela: 1928 - 2018


O Colexio Maior Rodríguez Cadarso

A inspiración

Dende a segunda década do século XX, na Universidade de Santiago de Compostela xurdiron proxectos para construír un aloxamento moderno para os seus estudantes, capaz de fomentar a súa formación integral, ao afeito do exemplo da *Residencia de Estudiantes* inaugurada pola Junta de Ampliación de Estudios en Madrid (1910).



Logotipo da Residencia de Estudiantes (1911)



Salvador Dalí e Federico García Lorca cando ambos convivían na RE (1922-1936)



García Lorca no xardín das adelfas da RE, 1919

Residencia ou Cidade Universitaria?

A necesidade dunha residencia universitaria moderna, chegou nun momento de incremento gradual do estudantado universitario e da oferta docente. A ampliación do edificio central da universidade na actual Xeografía e Historia, rematada en 1906, permitiu gañar moito espazo para as novas titulacións; pola súa banda a construción da nova escola de Veterinaria, inaugurada en 1915, e da facultade de Medicina, iniciada en 1909 e rematada en 1927, marcou o camiño para a expansión da USC. Nese momento é cando se plantexa a necesidade de crear un Campus ao estilo das novas universidades norteamericanas, de tal forma que concentren nun mesmo entorno todas as necesidades académicas e docentes, e planificando a expansión futura. De novo o exemplo da Ciudad Universitaria de Madrid, impulsada por El-Rei Alfonso XIII, converteuse no espello da USC.


Os impulsores

A idea fíxose recorrente en todas as reunións do Claustro Universitario a partir de 1919, así como na prensa local e rexional. O catedrático de Historia General Ciriaco Pérez de Bustamante comezou a reclamar esta nova infraestrutura de maneira habitual na prensa dende a súa chegada á Minerva compostelá en 1924. Anteriormente, Luis Blanco Rivero impulsara a proposta de creación dunha residencia universitaria e mesmo dun campus segundo o exemplo da Ciudad Universitaria de Madrid.



Ciriaco Pérez de Bustamante, Catedrático de Historia da USC (1924-1939)

Luis Blanco Rivero, Catedrático de Medicina, Alcalde de Santiago (1914-1917) e Reitor da USC (1921-1930)




A partir de xuño de 1927, un comité pro-residencia integrado polos profesores Alejandro Rodríguez Cadarso, Ciriaco Pérez de Bustamante, Arias Ramos e Novoa Santos entre outros, encargouse de buscar o financiamento extrauniversitaria necesaria para edificar o novo inmoble. Este afán recadatorio centrouse de forma especial nos concellos e deputacións provinciais de Galicia, así como entre as comunidades de emigrantes galegos en Hispanoamérica, ademais, e de forma complementaria, recargáronse todas as matrículas universitarias con cinco pesetas destinadas en exclusiva a axudar a financiar as obras da residencia de estudantes compostelá

O financiamento

Dende 1922 a USC viña manifestando a súa disconformidade coas partidas orzamentarias que recibía dende o goberno de Madrid. En opinión dos claustrais e do propio alcalde de Santiago, a situación económica da USC impedía que puidese desenvolver ningún tipo de investimento *ex novo*, nin en material científico nin en melloras das condicións de estudo, nin por suposto na dotación de novas instalacións. Neste contexto, o Claustro decidiu tomar en consideración a creación dun *patronato universitario*, tal e como lle solicitaban dende o outro lado do Atlántico algúns dos colectivos de emigrantes galegos no Río da Prata, unha idea que tivo ao seu máximo promotor na figura de Gumersindo Busto. Será no Claustro do nove de xuño de 1925 cando o padroado comece a traballar baixo a dirección do profesor Armando Castroviejo Novajas, comezando desde ese momento a procura de novas formas de financiamento para o ensino universitario galego, en pos de cubrir unhas necesidades básicas que entendían ignoradas desde o consello de ministros. Pouco máis dun ano máis tarde co profesor da USC Wenceslao González Oliveiros ocupando a dirección xeral de Ensino Superior, o Ministerio de Instrución Pública emitiu un Real Decreto o 25 de agosto de 1926 no que ordenou a xeralización do sistema de padroados ensaiado na USC, valéndolle a gavanja do Claustro compostelano. A partir dese momento comezará unha campaña Pro-Residencia en toda a xeografía galega e da súa diáspora, en pos de conseguir o orzamento preciso para a planificación, deseño e construción da residencia de estudantes, eixo do futuro campus universitario de Compostela.



Francisco Regueira, galeguista e amigo de Suárez Picallo, fundador do Comité Pro-residencia



Gumersindo Busto foi outro dos impulsores da creación do Comité Pro-Residencia

Logotipo orixinal da Ciudad Universitaria de Madrid



Proxecto orixinal da Ciudad Universitaria de Madrid

A ubicación

O emprazamento escollido para a nova residencia estaba ao sur da alameda, entre as carreteras de Pontevedra e Noia; unha terrenos coñecidos como *Agros de Mendo*. O proxecto orixinal constaba de cinco pavillóns, un estadio de atletismo, unha piscina olímpica descuberta, un anfiteatro ao aire libre e numerosas zonas deportivas e de esparcemento. A súa vez o proxecto incluía a creación doutros edificios, como vivendas para os decanos, vivendas de catedráticos ou mesmo un observatorio astronómico. Á súa vez se pensaba que sería posible continuar construíndo novos edificios de carácter monumental e senlleiro conforme a USC os precisara no futuro.



Os terreos foron expropiados ao longo de varios anos, e a urbanización da zona correu a cargo da propia USC

Naqueles anos a zona de construción estaba completamente desvinculada do resto da cidade. Para algúns esto significaba que o campus e a súa residencia estarían afastada da algarabía compostelana, permitindo un entorno hixiénico e de estudo aos universitarios, que terían lonxe as tabernas e distraccións da cidade. Pola contra, a selección do emprazamento serviu para integrar na cidade uns terreos que ata entón eran o lugar habitual de construcións efímeras, como a praza de toros ou os pavillóns da exposición rexional. Ademais, tamén permitiu plantexar o futuro da expansión urbanística da cidade con racionalidade, coherencia e previsión. A falta de orzamentos suficientes por parte da USC, así como a falta de implicación directa por parte do goberno da Nación, supuxeron un importante retraso na execución da obra. A primeira pedra o 25 de xullo de 1928 supuxo un punto de non retorno para o proxecto, pero inda así o anteprojecto tivo moitos retrasos ata a chegada do novo Reitor da USC: Alejandro Rodríguez Cadarso.



Aspecto do sanatorio de San Lorenzo en 1925, dende os terreos do primeiro pavillón da Residencia de Estudiantes

Comisarios:

Luis Velasco Martínez (Director)
Gonzalo Castiñeira Veiga (Subdirector)

Deseño e Maquetación: bavelsp.es

Financiamento:



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Hispana




Unión Europea

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"

A demora


Os anos de atrasos e de dificultades orzamentarias, non foron óbice para que dende a diáspora galega se fixeran campañas de recolección de cartos. Asemade, o impulso dalgunhas corporacións locais e provinciais tamén serviu para apoiar o esforzo da USC. Organizacións veciñais, científicas, relixiosas e culturais tiveron un papel activo na consecución de fondos para iniciar a nova residencia que debía ser o xérmolo do futuro campus. Mesmo se intentou copiar o modelo do Padroado Rexio do proxecto da Ciudad Universitaria de Madrid.

Céltiga Revista Galega, N° 65,
1927, p.16 (Buenos Aires)



Subvenciones pro residencia.—
Don Salvador Cabeza de León ha hecho entrega al Comité de la Residencia de Estudiantes, de Santiago, de un edificio certificado del Ayuntamiento de Negreira, en el que consta que aquel Ayuntamiento subvenciona a la Residencia con 200 pesetas anuales. El señor Albariño Ormado, Inspector de Sanidad en Serantes, envió un oficio de aquel Ayuntamiento, comunicando que la Corporación ha acordado subvencionar la Residencia. El alcalde de Valle de Oro anunció a su vez, que dicho Ayuntamiento contribuirá con 50 pesetas anuales. El director de la Escuela de Artes y Oficios de Santiago anunció que los ayuntamientos de Castrolandres, Trives y Rios conceden subvenciones de 50, 100 y 100 pesetas anuales, respectivamente. Firma de la escritura de compra de terrenos.—
En la sala del Rectorado de la Universidad de Compostela, y en el notario don Andrés Domínguez Gutiérrez, se verificó el 21 de enero el acto de firmar la escritura de compra de los terrenos, en los que será construida la Residencia de Estudiantes.


Céltiga Revista Galega, N° 76,
1928, p.15 (Buenos Aires)



Finalmente será con Rodríguez Cadarso ocupando a reitoría da USC, no tránsito entre a Dictadura de Primo de Rivera e a II República cando o proxecto tome o pulo definitivo

A construción

A construción do primeiro pavillón do complexo residencial non rematou ata maio do 1936, tres anos despois da morte do Reitor Rodríguez Cadarso, que foi á postre o seu máis importante defensor. Por iso o Claustro decidiu nomear a nova edificación como "Residencia Universitaria Rodríguez Cadarso". O proceso foi lento e tedioso, existindo innumerábeis problemas: falta de pedra, folgas, problemas de financiamento, falta de interese polas autoridades locais e centrais, etc. Así mesmo a urbanización da contorna quedou en mans da propia USC, ante a negativa do Concello de facer fronte ao gasto.



Pro Residencia Universitaria de Compostela

Para coñecemento de los antececentes de la creación de la Residencia Universitaria de Compostela y de lo que del Estado solicita la Universidad de Santiago, copiamos aquí la moción enviada al señor ministro de Trabajo:

"Excelentísimo señor: La Universidad de Santiago tiene en ejecución la obra de una Residencia de Estudiantes, complemento indispensable de la función docente que la Universidad realiza. Por compra y donación adquirió prime-

zona residencial universitaria sin urbanizar y en estado de verdaderos desmontes, no podrá empezar a funcionar esta institución por falta de accesos, calles, alcantarillado, acometida de aguas, etc.; sin contar con los jardines y las dependencias de campos de deportes y piscina, que son parte integrante de esta clase de instituciones y cuya realización será posible la construcción de los pabellones restantes en un futuro más o menos lejano.

Habiéndose realizado la compra y el pago forzoso; creyendo tener perfecto derecho a ello por las razones siguientes: Primera. Por significar un gran esfuerzo de la Universidad y de Galicia y una creación de la mayor trascendencia para la formación y educación de las futuras generaciones, a la cual no ha contribuido hasta ahora directamente el Estado.

Segunda. Porque es una obra emprendida e incompleta, en la que ya se ha invertido cerca de un millón de pesetas, y cuya paralización supone un perjuicio para la obra misma y una agravación para el problema del paro forzoso en la ciudad.

Tercera. Porque en la clase de trabajos a que se dedica el dinero solicitado ha de invertirse la casi totalidad en mano de obra, contribuyendo, por tanto, aminorar grandemente el paro obrero.

Cuarta. Porque es una obra que tiene su proyecto aprobado y un crédito para la continuación de sus edificaciones en los presupuestos universitarios que rigen económicamente este centro—previamente aprobados por el ministro—no podría ver funcionar su actual pavillón, ni mucho menos continuar la construcción de los restantes, sin resolver antes la indispensable obra de acceso y saneamiento; para los que solicita este auxilio del Estado.

Quinta. Porque es una obra de gran utilidad y altamente necesaria para una institución del Estado y por la que siente, no sólo esta Universidad, sino toda Galicia, gran cariño y expectación.

Sexta. Y además porque—en otro orden de consideraciones—no quiere esta Universidad dejar de llamar la atención de ese ministro sobre la conveniencia de que el Estado ayude en el logro de sus aspiraciones y mejoramiento a esta Universidad, que está llevando a cabo la obra citada sin el apoyo directo del Estado. Y cuánto radice la equidad al se compara tal situación con la facilidad y largueza con que se presta apoyo a las Ciudades Universitarias de Madrid y con el que, aunque en menor escala, se ha prestado también a las otras de Residencia de Estudiantes emprendidas por otras Universidades.

Compañeros planes de los terrenos y de las obras de accesos, saneamiento, jardines, etc., que se han de realizar en él y para los cuales se pide esta ayuda. No se acompañan los planos de la edificación de pabellones que ya han sido aprobados por el ministro por no estar destinados a ellos el auxilio que aquí se solicita.

Por las razones expuestas, y considerando especialmente ahora que estas obras encajan perfectamente entre las que olvidan el paro obrero, la Juri'a de gobierno de la Universidad de Santiago, sin perjuicio de recabar en años sucesivos la concesión de las cantidades restantes, se limita de momento a solicitar de la Junta encargada de la distribución de estos fondos de la sea concedida la cantidad de 300.000 pesetas, tomándose a crédito extra-jornalario destinado a aliviar el paro forzoso correspondiente al presente año; entendiendo bien que esta cantidad se destinará exclusivamente a movimientos de tierras, calles, alcantarillado, acometida de agua y obras similares, que suponen el empleo predominante de la cantidad solicitada en mano de obra.


El rector, R. Montequi."

Aspecto de conjunto del proyecto de la Residencia Universitaria de Compostela, incluyendo edificación, calles, jardines, campos de deportes, piscina, etc.

ro los terrenos con la amplitud necesaria para acentar cinco pabellones residenciales, un "stadium", campos de tenis, piscina y un teatro al aire libre. Los terrenos adquiridos están valorados en pesetas 132.029.

Encargado el proyecto al arquitecto D. Jenaro Lafuente, aprobado dicho proyecto por el ministro y adjudicada la obra al contratista Sr. Lago Lourauro, está próximo a terminarse el edificio del primer pabellón, cuyo coste se eleva a 723.205 pesetas, y con los gastos de mobiliado sumarán unas 850.000 pesetas; con lo que el importe de los terrenos, la Universidad ha sido generosamente auxiliada por Diputaciones y Ayuntamientos gallegos, entidades gallegas diversas de España y América y particulares; aportaciones que llegaron a alcanzar unas 300.000 pesetas. El resto ha pesado sobre el presupuesto de la Universidad, que se ha sacrificado al crear la Residencia, con perjuicio evidente para la decorosa sustentación de otros de sus servicios.

El primer pabellón de la Residencia Universitaria de Compostela, del cual acompañamos fotografías, estará terminado en el próximo mes de agosto; mas por encontrarse todos los terrenos de la



Conjunto de pabellones del proyecto de la Residencia Universitaria de Compostela. Habitación individual 1941. Comedor 1941.

O director


Felipe Ramón Cordero Carrete foi o primeiro director da Residencia Universitaria "Rodríguez Cadarso". Profesor da facultade de Filosofía e Letras, entrou no cargo en 1934, sendo destituído e afastado da docencia tras o golpe de estado de xullo de 1936. Durante a súa etapa preparou os estatutos da Residencia e dotou de medios ao novo edificio, poñendo cartos do ser propio para a compra do mobiliario. Percorreu a xeografía galega recolectando fondos para rematar a construción, e participou moi activamente na visibilización do proxecto a través da súa colaboración habitual na prensa. Tamén impartiu un bo número de conferencias para concienciar da necesidade de rematar e dotar á nova construción. Así mesmo, foi o deseñador do escudo da residencia, que é o actual escudo do actual Colegio Maior Rodríguez Cadarso.



Aparicións e colaboracións de Felipe Cordero Carrete na prensa galega dos anos 30 na súa faciana de director da Residencia Universitaria

O escudo

O escudo deseñado por Cordero Carrete constaba das cinco estrelas da familia do Arzobispado Alonso III de Fonseca, un dos pais fundadores da USC, rodeada da lenda: "Collegium Universitarium Compostellae". A partir de 1941 converteuse nun dos símbolos do novo colexio maior, asociándose á beca de galego inspirada na cor da Banda Real de Castela. Esta última era a inspiración do estandarte utilizado por Francisco Franco como Xefe do Estado, que naquel intre lle daba nome ao actual CM Rodríguez Cadarso.




Original dun artigo de Felipe Cordero Carrete explicando o seu deseño de escudo para a nova residencia

O resto do proxecto

A través dun decreto do 20/9/1942 o rexime franquista fixo obrigatoria a residencia dos universitarios nalgún colexio maior, aínda que a carestía deste tipo de instalacións permitiu que moitos universitarios simplemente puidesen adscribirse a algún dos existentes. Unha modalidade de pertenza á institución colexial na que os adscritos simplemente participaban nas actividades académicas, sociais e relixiosas destes sen residir nelas. A partir de 1948, e despois dunha revolta interna dos residentes, o centro pasou ás mans dun padroado privado ata a súa devolución á universidade en 1984.

En 1953 e 1964 inauguráronse os seguintes edificios do proxecto arquitectónico de Jenaro Lafuente, os colexios maiores San Clemente e Fonseca. O primeiro deles directamente en mans do SEU ata 1969 e logo da Delegación Nacional de Acción Docente, mentres o segundo foi dirixido pola Institución Teresiana a partir de 1969 despois de pasar tamén polo padroado do Opus Dei, converténdose nun colexio feminino.

Os outros dous pavillóns do proxecto orixinal nunca chegaron a rematarse, aínda que a posibilidade barallouse seriamente nas décadas de 1970 e 1980.



Obras de construción do CM Fonseca (década de 1950) e CM San Clemente no 1969

O nome

Lamentablemente a inauguración, prevista para Xullo de 1936, non se celebrou polo estoupado da Guerra Civil, quedando ao primeiro pavillón do proxecto rematado pero sen residentes ata xaneiro de 1941. Nese mesmo ano, o rexime decidiu xestionar de maneira individual cada un dos pavillóns; adscribíndoo ás diferentes familias do rexime conforme se foran rematando. Así o primeiro pavillón da Residencia Universitaria Rodríguez Cadarso foi renomeado Colegio Mayor Generalísimo Franco.


Os novos residentes ingresaron o 9 de xaneiro daquel mesmo ano. O maior contaba con espazo para 136 residentes, hall, sala de música e de proxección, sala de visitas, capilla, vivenda para o director, coxina, duchas e servizos, habitacións dobres e individuais, calefacción central, liña telefónica, un servizo de comedor e un autobús propio con o que se desprazaban os residentes ata as súas facultades e co que tamén se realizaban excursións culturais.




Boletín da USC, Xaneiro de 1941

O colexio

La Universidad de Santiago de Compostela, fundada en 1254, es una de las más antiguas de España. Su historia está llena de acontecimientos que han marcado su evolución y su prestigio. En el siglo XVIII, durante el reinado de Carlos III, se emprendió la reforma de la Universidad, que culminó con la creación del Colegio Mayor Rodríguez Cadarso en 1773.




Original dun artigo de Felipe Cordero Carrete explicando o seu deseño de escudo para a nova residencia




Obras de construción do CM Fonseca (década de 1950) e CM San Clemente no 1969

O colexio

La Universidad de Santiago de Compostela, fundada en 1254, es una de las más antiguas de España. Su historia está llena de acontecimientos que han marcado su evolución y su prestigio. En el siglo XVIII, durante el reinado de Carlos III, se emprendió la reforma de la Universidad, que culminó con la creación del Colegio Mayor Rodríguez Cadarso en 1773.



Original dun artigo de Felipe Cordero Carrete explicando o seu deseño de escudo para a nova residencia



Obras de construción do CM Fonseca (década de 1950) e CM San Clemente no 1969





Table with financial data, including columns for 'Dobros', 'Dobros', 'Dobros', and 'Dobros' with corresponding numerical values.

A dictadura

Durante os seus primeiros anos, o CM Generalísimo Franco dependeu directamente do Sindicato Español Universitario, un órgano do partido único no que debían militar todos os estudantes universitarios. Durante os anos corenta e cincuenta o novo maior recibiu e agasalhou a numerosos persoeiros da dictadura, pero isto non foi óbice para que tamén se realizara en el a primeira grande actividade de protesta na USC. O primeiro director da posguerra, Rafael Fernández Rofast, profesor de Historia do Dereito, foi obrigado a dimitir despois dunha tensa campaña dos colexiais. Co cambio de director o centro pasará de estar asociado ao SEU a quedar vinculado á Igrexa.

El ministro de Marina casuró con una conferencia magistral el III curso de la Cátedra de Alta Cultura Naval

Recibió el nombramiento y beca de Colegial de Honor del Colegio Mayor "Generalísimo Franco"




El rector de la Universidad Compostelana impone al ministro de Marina, Almirante Dñez, el premio de honor del Colegio Mayor "Generalísimo Franco"...

La Voz de Galicia (A Coruña), 20/4/1966

Os directores


Entre 1941 e 1966 o actual CM Rodríguez Cadarso tivo media ducia de directores. Algúns deles desempeñaron papéis moi importantes na USC, como o de secretario xeral ou Rector, mentres outros tiveron un paso fugaz por ela, antes de lograr unha cátedra noutra universidade.

- (1941-1948) José Fernández Rofast (Dereito)(1948-1955) Manuel Gómez-Serranillos Fernández (Farmacia)
- (1955-1960) Manuel Lucas Álvarez (Historia)
- (1960-1962) Diego Ribas Mujal (Medicina)
- (1962-1963) Antonio Gullón Ballesteros (Dereito)
- (1963-1966) José Antonio Sainz Cantero (Dereito)
- (1972-1984) María Pilar Fernández Otero (Farmacia)
- (1984-) Rosa Calvo Anta (Farmacia)



Educación y Ciencia

RECTOR MAGNÍFICO DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DON MANUEL LUCAS ALVAREZ.—Nació en Santiago de Compostela en 1917. Licenciado en Historia, con premio extraordinario por la referida Universidad y doctor por la de Madrid. Ha sido profesor ayudante y adjunto en la Universidad de Zaragoza. Catedrático de Paleografía y Diplomática de la Universidad compostelana. Ha sido secretario de la Facultad de Filosofía y Letras de Santiago, director del Colegio Mayor Generalísimo Franco, secretario general y vicerrector de la citada Universidad. Es académico de la Real Academia Gallega, consejero de la Institución Fernando el Católico de Zaragoza. Es, igualmente, vocal del Patronato de la Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales de la U.N.E.D. y vocal del Consejo del Fondo de Investigación Económico-Social de la Confederación Española de Cajas de Ahorros.



Recortes de La Voz de Galicia (A Coruña), década de 1970

S. E. el Jefe del Estado fue investido ayer doctor «honoris causa» por la Universidad de Santiago «Desde el principio de mi mandato y aún antes de él ha imperado en mi ánimo la idea de una indispensable política de desarrollo y perfeccionamiento de la Universidad»

La Voz de Galicia (A Coruña), 13/8/1943


El Ministro de Educación Nacional visita la Universidad Compostelana

Hoy ganará el jubileo jacobeo Santiago, 13.— El Ministro de Educación Nacional don José Induráin, que se encuentra en Santiago acompañado de su esposa y el Sr. Pardo de Andrade, visitó ayer en la Universidad Compostelana. Al Colegio Mayor del Generalísimo Franco se le entregó el honor de la visita...

La Voz de Galicia (A Coruña), 13/8/1943

Actividades

Durante aqueles anos as actividades culturais e filantrópicas ocupaban unha boa parte do tempo de ocio dos colexiais. As actividades do Teatro Español Universitario foron especialmente importantes no CM, asemade tamén se realizaban conferencias ou cursos de verán, excursións e intercambios. Por exemplo, 20 alumnos da Escola Naval de Marín se intercambiaban durante 20 días con residentes do Maior. Tamén tiñan reservadas unhas poucas prazas no CM membros das delegacións exteriores de Falange en Hispanoamérica. O cine-fórum tamén foi outra das actividades con máis repercusión na comunidade universitaria, xa que era aberto ao resto dos alumnos da USC.



Entradas de Cine Forum e Programa de actividades



Retrato oficial de Manuel Lucas Álvarez como Rector 1975

Acto de becas de 1959



Acto de becas de 1959 director Manuel Lucas

LA VANGUARDIA ESPAÑOLA. BARCELONA, 21 de Julio de 1943. S. E. el Jefe del Estado fue investido ayer doctor «honoris causa» por la Universidad de Santiago «Desde el principio de mi mandato y aún antes de él ha imperado en mi ánimo la idea de una indispensable política de desarrollo y perfeccionamiento de la Universidad»



Mariano Rajoy, secretario general de la USC, participó en una conferencia-colquio sobre las «Autonomías» en el Colegio Mayor Generalísimo Franco de Santiago. Explicó a los asistentes el concepto de Autonomías según las describe la Constitución Española.

“OPERACION EN SANTIAGO

UNA albrera expedición de artistas cinematográficos se desfiló al rededor de la noble ciudad de Santiago de Compostela para llevar a cabo una serie de películas de ficción. Entre las películas se encuentra la de la plaza de la Quintana, en la que los estudiantes de la USC se ven realizando una auténtica batalla de guerra...




Un grupo de artistas cinematográficos que residen en Madrid en colaboración con Santiago de Compostela, se preparan para la realización de una película de ficción...

ABC(Madrid), 9/4/1960

O voluntariado e as actividades solidarias sempre foron unha sinal distintiva da actividade dos colexiais maiores. Máis aló do ocio, o esparcemento ou as actividades culturais, o programa educativo dos colexiais maiores tamén aspira a facer cidadáns comprometidos coa súa contorna. Un exemplo é a Operación Ladrillo de 1960, na que colexiais do actual CM Rodríguez Cadarso axudaron a levantar vivendas sociais na estrada de San Lourenzo, moi cerca da Residencia.

Acto de becas de 1969



Acto de becas de 1969 Director Milagros Otero

La democracia

En 1984, o primeiro reitor elixido democráticamente logo da aprobación da Lei de Reforma Universitaria, o físico Carlos Pajares Valés, rematou cos padroados privados que rexían os tres colexios maiores levantados con fondos públicos, poñéndoos baixo xestión directa da USC. Acadábbase o vello anhelo do Rector Rodríguez Cadarso, e de todos aqueles que puxeran en marcha o proxecto da Residencia nas décadas entre 1918 e 1936. O seguinte paso foi mudar o nome do maior, retomando o orixinal «Colexio Maior Rodríguez Cadarso», aconteceu o 9 de novembro de 1984.

La junta de gobierno examinará el viernes las reivindicaciones de los estudiantes

Santiago (Redacción). En el transcurso de una maratoniada sesión, integrada por 24 asuntos en el orden del día, la junta de gobierno estudiará el viernes importantes asuntos que afectan a la vida universitaria, entre los que se encuentran el problema originado por la subida de las tasas académicas y por la falta de residencias universitarias. Precisamente en esta sesión figura una propuesta para debatir la restitución del antiguo nombre al Colegio Mayor que llevaba la denominación del impulsor de la Residencia de Estudiantes, catedrático de la facultad de Medicina y diputado republicano, profesor «Rodríguez Cadarso» y que, tras la guerra civil, fue sustituido por el de «Generalísimo Franco».

Os colexiais

Ao longo da súa historia nonaxenaria, o CM Rodríguez Cadarso ten sido residencia masculina, residencia feminina e incluso residencia de posgrado. Dende 1984 é unha residencia pública da USC, e dende 1988 o seu réxime é mixto. Nel residen habitualmente alumnos de grao, máster e doutoramento da USC. Todos os anos unense á familia cadarsina alumnos procedentes doutras partes de España e do mundo: coreanos, alemáns, franceses, norteamericanos, mexicanos, uruguaios ou argentinos teñen formado parte da nosa gran familia. O CM propón un monte de actividades culturais e deportivas, todos os anos organiza o torneo intercolexial de fútbol Memorial Varela Vence, convida invitados a dar conferencias, acolle congresistas e renova as tradicións colexiais. Depois da reforma integral que sufriu durante o curso 2009/2010, o CM Rodríguez Cadarso conta con 51 prazas, a maioría delas individuais, sendo o centro máis demandado nas solicitudes de novo ingreso no Servizo Universitario de Residencias da USC.

Os colexiais

Os colexiais maiores sempre foron unha sinal distintiva da actividade dos colexiais maiores. Máis aló do ocio, o esparcemento ou as actividades culturais, o programa educativo dos colexiais maiores tamén aspira a facer cidadáns comprometidos coa súa contorna. Un exemplo é a Operación Ladrillo de 1960, na que colexiais do actual CM Rodríguez Cadarso axudaron a levantar vivendas sociais na estrada de San Lourenzo, moi cerca da Residencia.



Acto de becas de 1969



Acto de becas de 1969 Director Suso Lamas

La democracia

En 1984, o primeiro reitor elixido democráticamente logo da aprobación da Lei de Reforma Universitaria, o físico Carlos Pajares Valés, rematou cos padroados privados que rexían os tres colexios maiores levantados con fondos públicos, poñéndoos baixo xestión directa da USC. Acadábbase o vello anhelo do Rector Rodríguez Cadarso, e de todos aqueles que puxeran en marcha o proxecto da Residencia nas décadas entre 1918 e 1936. O seguinte paso foi mudar o nome do maior, retomando o orixinal «Colexio Maior Rodríguez Cadarso», aconteceu o 9 de novembro de 1984.

La junta de gobierno examinará el viernes las reivindicaciones de los estudiantes

Santiago (Redacción). En el transcurso de una maratoniada sesión, integrada por 24 asuntos en el orden del día, la junta de gobierno estudiará el viernes importantes asuntos que afectan a la vida universitaria, entre los que se encuentran el problema originado por la subida de las tasas académicas y por la falta de residencias universitarias. Precisamente en esta sesión figura una propuesta para debatir la restitución del antiguo nombre al Colegio Mayor que llevaba la denominación del impulsor de la Residencia de Estudiantes, catedrático de la facultad de Medicina y diputado republicano, profesor «Rodríguez Cadarso» y que, tras la guerra civil, fue sustituido por el de «Generalísimo Franco».

Os colexiais

Ao longo da súa historia nonaxenaria, o CM Rodríguez Cadarso ten sido residencia masculina, residencia feminina e incluso residencia de posgrado. Dende 1984 é unha residencia pública da USC, e dende 1988 o seu réxime é mixto. Nel residen habitualmente alumnos de grao, máster e doutoramento da USC. Todos os anos unense á familia cadarsina alumnos procedentes doutras partes de España e do mundo: coreanos, alemáns, franceses, norteamericanos, mexicanos, uruguaios ou argentinos teñen formado parte da nosa gran familia. O CM propón un monte de actividades culturais e deportivas, todos os anos organiza o torneo intercolexial de fútbol Memorial Varela Vence, convida invitados a dar conferencias, acolle congresistas e renova as tradicións colexiais. Depois da reforma integral que sufriu durante o curso 2009/2010, o CM Rodríguez Cadarso conta con 51 prazas, a maioría delas individuais, sendo o centro máis demandado nas solicitudes de novo ingreso no Servizo Universitario de Residencias da USC.

Os colexiais

Os colexiais maiores sempre foron unha sinal distintiva da actividade dos colexiais maiores. Máis aló do ocio, o esparcemento ou as actividades culturais, o programa educativo dos colexiais maiores tamén aspira a facer cidadáns comprometidos coa súa contorna. Un exemplo é a Operación Ladrillo de 1960, na que colexiais do actual CM Rodríguez Cadarso axudaron a levantar vivendas sociais na estrada de San Lourenzo, moi cerca da Residencia.



Acto de becas de 1969




Acto de becas de 1969 Director Suso Lamas

Universidad

Colegio Mayor «Rodríguez Cadarso»

El Colegio Mayor «Rodríguez Cadarso» es una de las 3 residencias para estudiantes que la Universidad gallega tiene en su campus de Santiago de Compostela. Las otras 2 son el Colegio Mayor «Ponessa» y el «San Clemente». Las 3 están situadas en zona ajardinada y bastante bien dotada de instalaciones deportivas. En sus alrededores hay una piscina, un estadio de atletismo, un pabellón polideportivo cubierto, un campo de hockey sobre hierba, una pista polideportiva al aire libre, una zona de patinaje y cuatro pistas de tenis.



El «Rodríguez Cadarso», tiene capacidad para 134 estudiantes, que ocupan 60 habitaciones dobles y 14 individuales. Este curso se presentaron más de 350 solicitudes de ingreso. La selección de los aspirantes corre a cargo del Consejo Colegial, que se realiza en base al expediente académico y la situación económica familiar de los mismos. El precio de las habitaciones dobles es de 47.800 pesetas por trimestre, mientras que el de las individuales es de 53.800 pesetas. En esta cantidad se incluye la estancia y el desayuno, pero no el lavado de la ropa personal. Este año el Rectorado de la Universidad concedió 10 becas de 100.000 pesetas y 3 de colaboración en la portería. Estas últimas eximen totalmente de la cuota trimestral. El número de becas se duplicará para el próximo curso. El Consejo Colegial Al frente de la residencia está una directora (profesora universitaria) y dos subdirectores (post-graduados residentes) que son nombrados por la Junta de Gobierno de la Universidad a través del Vicerrectorado de Estudiantes y Actividades Culturales. Además, existe un Consejo Colegial en el que se integran estas 3 personas y 8 residentes elegidas por sus compañeros. Este Consejo es el encargado de tomar las decisiones más importantes de funcionamiento y régimen interno. Varias comisiones se encargan de promover y organizar actividades culturales, deportivas y recreativas, iniciativas que, en ocasiones, se realizan en colaboración con otros colegios mayores. Entre otras actividades organizan conferencias y en la que están instalados los equipos de video y un piano. El presidente está a disposición de los residentes que realizan estudios de música. A lo largo del curso se celebran varias fiestas entre las que destacan las de las novatas, las de Navidad y las que coinciden con la semana grande del colegio. El centro se abre a las siete y media de la mañana y se cierra a la una y media de la madrugada, pero en determinadas ocasiones (pasos del equador, etc.) permanece abierto hasta más tarde. Su teléfono es el (981) 587600.

Os colexiais

Ao longo da súa historia nonaxenaria, o CM Rodríguez Cadarso ten sido residencia masculina, residencia feminina e incluso residencia de posgrado. Dende 1984 é unha residencia pública da USC, e dende 1988 o seu réxime é mixto. Nel residen habitualmente alumnos de grao, máster e doutoramento da USC. Todos os anos unense á familia cadarsina alumnos procedentes doutras partes de España e do mundo: coreanos, alemáns, franceses, norteamericanos, mexicanos, uruguaios ou argentinos teñen formado parte da nosa gran familia. O CM propón un monte de actividades culturais e deportivas, todos os anos organiza o torneo intercolexial de fútbol Memorial Varela Vence, convida invitados a dar conferencias, acolle congresistas e renova as tradicións colexiais. Depois da reforma integral que sufriu durante o curso 2009/2010, o CM Rodríguez Cadarso conta con 51 prazas, a maioría delas individuais, sendo o centro máis demandado nas solicitudes de novo ingreso no Servizo Universitario de Residencias da USC.



Actividades colexiais do CM Rodríguez Cadarso 2011-2017



Actividades colexiais do CM Rodríguez Cadarso 2011-2017



Imaxe de fondo: Alzado do primeiro pavillón do proxecto arquitectónico de Jenaro de la Fuente, 1929. AHUSC